CA2.2 - Establecer conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.	Establecer conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.	TI	36
CA3.2 - Promover actitudes de igualdade de xénero e condutas non sexistas, analizando e contrastando diferentes modelos na nosa sociedade.	Promover actitudes de igualdade de xénero e condutas non sexistas.		
CA3.3 - Resolver de forma pacífica e dialogada os conflitos, promovendo unha interacción respectuosa e equitativa a partir da linguaxe inclusiva e non violenta e explicando e exercitando as principais normas, dereitos, deberes e liberdades que forman parte da Constitución española e da Unión Europea, e coñecendo a función que o Estado e as súas institucións desempeñan no mantemento da paz, da seguridade integral cidadá e no recoñecemento das vítimas da violencia	Resolver de forma pacífica e dialogada os conflitos e explicando e exercitando as principais normas, dereitos, deberes e liberdades que forman parte da Constitución española.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Técnicas para unha adecuada exposición oral dos resultados dunha investigación, con claridade e orde. Presentación de resultados en formatos diversos.</li> <li>- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. Realización dun glosario.</li> <li>- Fomento da curiosidade, da iniciativa, da constancia e do sentido da responsabilidade na realización das diferentes investigacións.</li> <li>- Estratexias de procura e selección de información na internet seguras e eficientes (valoración, discriminación, selección, organización e propiedade intelectual); recoñecemento de riscos asociados a un uso inadecuado e pautas de actuación.</li> <li>- Estratexias de recollida, almacenamento e representación de datos para facilitar a súa comprensión e análise, individual e cooperativamente, facilitando o diálogo e a resolución de conflitos.</li> <li>- O cambio climático. Responsabilidade ecosocial. Ecodependencia, interdependencia e interrelación entre persoas,</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- sociedades e medio natural.</li> <li>- Historia e cultura das minorías étnicas presentes no noso país, particularmente as propias do pobo xitano. Recoñecemento da diversidade cultural e lingüística de España.</li> <li>- As fontes históricas: clasificación e utilización das distintas fontes (orais, escritas, patrimoniais). As pegadas da historia na contorna.</li> <li>- Temas de relevancia na historia: Idade Contemporánea, transformacións económicas, políticas, sociais e culturais, o papel representado polos suxeitos históricos (individuais e colectivos), acontecementos e procesos.</li> <li>- O papel da muller na historia e os principais movementos en defensa dos seus dereitos. Situación actual e retos de futuro na igualdade de xénero.</li> <li>- As expresións artísticas e culturais medievais, modernas e contemporáneas en Galicia e a súa contextualización histórica desde unha perspectiva de xénero. A función da arte e da cultura no mundo actual.</li> <li>- O patrimonio natural e cultural como ben e recurso; o seu uso, coidado e conservación.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
6	A Idade Contemporánea: O mundo actual	14

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - Analizar os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a sociedade actual, valorando a diversidade etnocultural ou afectivo-sexual e a cohesión social, e mostrando empatía e respecto por outras culturas e a igualdade de xénero.	Analizar os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a sociedade actual, valorando a diversidade etnocultural ou afectivo-sexual e a cohesión social, e mostrando empatía e respecto por outras culturas e a igualdade de xénero.	PE	64
CA4.2 - Analizar relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión entre diferentes elementos do medio social e cultural desde a Idade Media ata a actualidade, situando cronoloxicamente os feitos.	Analizar relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión entre diferentes elementos do medio social e cultural desde a Idade Media ata a actualidade, situando cronoloxicamente os feitos.		
CA4.3 - Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Idade Media ata a actualidade, incorporando a perspectiva de xénero, situándoas cronoloxicamente e identificando trazos significativos sociais en distintas épocas da historia.	Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Idade Media ata a actualidade, situándoas cronoloxicamente e identificando trazos significativos sociais en distintas épocas da historia.		
CA1.1 - Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede.	Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información de forma individual e en equipo.	TI	36
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre o medio natural, social ou cultural, mostrando e mantendo a curiosidade.	Formular preguntas e realizar predicións sobre o medio natural, social ou cultural, mostrando e mantendo a curiosidade.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.3 - Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, usando os criterios de fiabilidade de fontes, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.		
CA2.2 - Establecer conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.	Establecer conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.		
CA3.2 - Promover actitudes de igualdade de xénero e condutas non sexistas, analizando e contrastando diferentes modelos na nosa sociedade.	Promover actitudes de igualdade de xénero e condutas non sexistas.		
CA3.3 - Resolver de forma pacífica e dialogada os conflitos, promovendo unha interacción respectuosa e equitativa a partir da linguaxe inclusiva e non violenta e explicando e exercitando as principais normas, dereitos, deberes e liberdades que forman parte da Constitución española e da Unión Europea, e coñecendo a función que o Estado e as súas institucións desempeñan no mantemento da paz, da seguridade integral cidadá e no recoñecemento das vítimas da violencia	Resolver de forma pacífica e dialogada os conflitos e explicando e exercitando as principais normas, dereitos, deberes e liberdades que forman parte da Constitución española.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Técnicas para unha adecuada exposición oral dos resultados dunha investigación, con claridade e orde. Presentación de resultados en formatos diversos.</li> <li>- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. Realización dun glosario.</li> <li>- Fomento da curiosidade, da iniciativa, da constancia e do sentido da responsabilidade na realización das diferentes investigacións.</li> <li>- Estratexias de procura e selección de información na internet seguras e eficientes (valoración, discriminación, selección, organización e propiedade intelectual); recoñecemento de riscos asociados a un uso inadecuado e pautas de actuación.</li> <li>- Estratexias de recollida, almacenamento e representación de datos para facilitar a súa comprensión e análise, individual e cooperativamente, facilitando o diálogo e a resolución de conflitos.</li> <li>- O cambio climático. Responsabilidade ecosocial. Ecodependencia, interdependencia e interrelación entre persoas, sociedades e medio natural.</li> <li>- Historia e cultura das minorías étnicas presentes no noso país, particularmente as propias do pobo xitano. Recoñecemento da diversidade cultural e lingüística de España.</li> <li>- As fontes históricas: clasificación e utilización das distintas fontes (orais, escritas, patrimoniais). As pegadas da historia na contorna.</li> <li>- Temas de relevancia na historia: Idade Contemporánea, transformacións económicas, políticas, sociais e culturais, o papel representado polos suxeitos históricos (individuais e colectivos), acontecementos e procesos.</li> <li>- O papel da muller na historia e os principais movementos en defensa dos seus dereitos. Situación actual e retos de futuro na igualdade de xénero.</li> <li>- As expresións artísticas e culturais medievais, modernas e contemporáneas en Galicia e a súa contextualización histórica desde unha perspectiva de xénero. A función da arte e da cultura no mundo actual.</li> <li>- O patrimonio natural e cultural como ben e recurso; o seu uso, coidado e conservación.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento para os alumnos e as alumnas, que adquiren un maior grao de protagonismo.

En concreto, na área de Ciencias Sociais: Na Educación Primaria cómpre proporcionar experiencias para que o alumnado aprenda a observar a realidade, a facerse preguntas e a reflexionar sobre os fenómenos naturais, conseguindo que sexan capaces de elaborar respostas ás interrogantes que formula o mundo natural. A idea de globalidade debe guiarnos nesta etapa e, xa que logo, na área que nos ocupa, sabendo integrar os diferentes contidos arredor da experimentación, da investigación, dos traballos de campo, das saídas, das visitas, da observación directa... e o uso de Tecnoloxías da Información e da Comunicación que este curso escolar estarán moi presentes, xa que contamos coa plataforma EDIXGAL. O auténtico sentido da área de Ciencias da Natureza está en aprender, resolvendo problemas, planificando experiencias, elaborando pequenos proxectos e levándoos a cabo, extraendo e comunicando conclusións e entendendo que o traballo en equipo e a colaboración cos demais para acadar obxectivos comúns, é imprescindible para o avance científico da sociedade. Deste xeito, facilítase o establecemento de relacións entre os feitos e os conceptos a través da utilización de procedementos específicos. Neste contexto, o papel do docente consistirá en presentar situacións de aprendizaxe que fagan evolucionar as ideas e os esquemas previos dos alumnos e das alumnas. Inclúiranse metodoloxías didácticas, enfocadas á resolución de problemas, e situacións experimentais que permitan aplicar os coñecementos teóricos nunha ampla variedade de contextos. Se queremos aumentar o interese e a motivación cara ás ciencias cómpre conectar os contidos coa vida real. Os alumnos e as alumnas deben percibir os contidos científicos como relevantes para a súa vida, e o profesorado debe esforzarse por manifestar a conexión co contexto social, eliminando a percepción de conceptos abstractos e afastados dos intereses do alumnado.

As Tecnoloxías da Información e da Comunicación son xa case imprescindibles para calquera aprendizaxe e nesta área adquiren unha especial importancia polo tipo de información vinculada a ela. Constitúen un acceso rápido e sinxelo á información sobre o medio e son, ademais, ferramentas atractivas, motivadoras e facilitadoras das aprendizaxes, pois permiten aproximar seres vivos, reaccións químicas ou fenómenos físicos, á súa experiencia.

Debemos ter en conta que cada alumno e alumna parte dunhas fortalezas individuais, polo que haberá que poñer en xogo diferentes habilidades para que o propio alumno e alumna coñeza onde residen as súas fortalezas. Estas fortalezas individuais do alumnado axudarannos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias, polo que as tarefas que hai que realizar estarán pensadas desde a Teoría das Intelixencias Múltiples, como posibilidade para que o alumnado chegue a adquirir todos aqueles aspectos que necesitan para poder desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

Co traballo en grupo colaborador adestraranse as diferentes habilidades e destrezas para chegar á reflexión e ao discernimento do desenvolvemento dunha vida social activa, respectuosa e enriquecedora.

Os contidos da área están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados a un contexto real. Será importante traballar a parte competencial, de forma que o coñecemento se transforme en acción e aplícalo a proxectos reais próximos ao alumnado.

#### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro dixital ( Edixgal)
Ordenador de aula e encerado dixital
Material funxible (cartolinas, folios, pinturas, témperas...)
Computadores (equipos dos alumnos Edixgal)
Libreta ou caderno
Kahoot



Genially
Writer // Word
Impress // Powerpoint
Google Earth

Empregaremos unha variedade significativa de recursos didácticos para ofertarlle ao noso alumnado un amplo abano de posibilidades para as súas aprendizaxes. Intentaremos motivar e implicar ao alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe, xa que procuraremos que os recursos empregados posibiliten unha aprendizaxe activa.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O proceso de avaliación inicial durará as dúas primeiras semanas lectivas do curso ( 4 sesións).

Nesta avaliación inicial, o obxectivo primordial é comprobar os coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que posúe o noso alumnado sobre a área de Ciencias Sociais.

Para obter dita información ,podemos empregar distintos tipos de instrumentos de recollida de información: test obxectivos, traballos individuais e/ou grupais, actividades na aula virtual...

A partires da información recollida e da interpretación da mesma, poderemos adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe ás caracterísctas do grupo-clase, poñendo especial énfase na detección de problemáticas e na posta en marcha das medidas de atención á diversidade necesarias.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

#### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>16</b>	<b>16</b>	<b>17</b>	<b>17</b>	<b>17</b>	<b>17</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	60	60	60	60	64	64	<b>61</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	40	40	40	40	36	36	<b>39</b>

#### Criterios de cualificación:

Para determinar a nota do alumnado, débense establecer uns criterios de cualificación que se relacionen directamente cos criterios de avaliación. Estes criterios permitirán identificar se o alumnado progresa adecuadamente, é dicir, se desenvolven as capacidades de diferentes ámbitos ou se necesita mellorar nalgúns aspectos.

Todo alumnado ten dereito a unha avaliación o máis obxectiva posible e debe coñecer claramente o sistema de avaliación de forma que o/a alumno/a teña control sobre a aprendizaxe e a avaliación.

Débense variar os instrumentos de avaliación para obter información desde diferentes fontes, e desta forma orientar o proceso e realizar axustes sempre que sexa necesario.

A avaliación ideal debe estar centrada no alumnado. E isto significa que non vale a mesma avaliación para todos porque non todos aprenden da mesma forma. Algúns poden pensar que temos que facer unha avaliación para cada neno/a, pero se traballas por niveis poderemos identificar o nivel do alumnado e a partir de aí preparar a avaliación.

#### COMO AVALIAR AO NOSO ALUMNADO?

Rexistraremos diariamente o que acontece nas sesións, empregando diferentes Instrumentos de Avaliación:

- ESCALAS DE VALORACIÓN: cada U.D. inclúe a escala que se aplicará nela.

- REXISTRO ANECDÓTICO: reflectiranse acontecementos que sexan significativos a efectos de avaliación do



alumnado, así como calquera feito ou incidencia da sesión que nos poida servir como autoavaliación.

- LISTAS DE CONTROL: consiste nunha serie de ítems referidos a características, accións e actividades, nas que se indicará simplemente se se realizan ou non.

- RÚBRICAS: instrumento de medición no que a través dos CA prescritos se establecen uns estándares por niveis, mediante a disposición de escalas, que permiten determinar a calidade da execución en tarefas específicas.

Ao finalizar cada unidade didáctica realizarase un EXAME para valorar os coñecementos traballados ao longo desta.

**AVALIACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS:**

Avaliarase cada unha das Unidades Didácticas sobre 10, empregando diversos instrumentos de avaliación. Para isto, tomaremos de referencia os criterios de avaliación xunto cos seus mínimos de consecución establecidos para cada unha das UD do apartado 3.3. Avaliación das Unidades Didácticas desta programación.

**2- AVALIACIÓN DO TRIMESTRE:**

Para avaliar cada trimestre teremos en conta as Unidades Didácticas levadas a cabo en cada un dos trimestres.

A nota do trimestre será o resultado da nota ponderada acadada polo alumno/a en cada UD, sempre tendo en conta a % de peso que ten esa UD no punto 3.1. Relación das Unidades Didácticas desta programación.

**1º TRIMESTRE (2 UD - 33,3%):**

- UD. 1: 5% = equivalente a un 5 da nota 1º trimestre.

- UD. 2: 5% = equivalente a un 5 da nota 1º trimestre.

Nota do 1º trimestre (suma das UD da 1 á 2)= 10

**2º TRIMESTRE (2UD - 33,3%):**

- UD. 3: 5% = equivalente a un 5 da nota 2º trimestre.

- UD. 4: 5% = equivalente a un 5 da nota 2º trimestre.

Nota do 2º trimestre (suma das UD da 3 á 4)= 10

**3º TRIMESTRE (2 UD - 33,3%):**

- UD. 5: 5% = equivalente a un 5 da nota 3º trimestre.

- UD. 6: 5% = equivalente a un 5 da nota 3º trimestre.

Nota do 3º trimestre (suma das UD da 5 á 6)= 10

**AVALIACIÓN FINAL DO CURSO.**

A nota da avaliación final será a media das notas obtidas en cada un dos trimestre. Para poder aprobar a materia, a media da suma das notas ten que dar un 5.

### **Criterios de recuperación:**

Para a recuperación da materia ao longo do curso faranse probas escritas no trimestre seguinte sobre os contidos do trimestre anterior. Estas probas referiranse **EXCLUSIVAMENTE** aos contidos examinados en probas escritas no trimestre anterior.

A porcentaxe correspondente as táboas de indicadores serán avaliados de maneira contínua ao longo do curso, podendo recuperarse cando sexan superados no trimestre seguinte.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

O Programa de Ciencias Sociais deberá adaptarse ademais ás condicións dos alumnos con Necesidades Específicas de Apoio Educativo. En función da necesidade os contidos desta área deberán modificarse, así como a súa avaliación, coordinando o traballo co Departamento de Orientación. En calquer caso deberá realizarse un seguimento do alumnado para asegurar a súa progresión. En caso de aqueles nenos e nenas que presenten dificultades de aprendizaxe levaranse a cabo unha serie de medidas organizativas e adaptacións metodolóxicas:

Complementar a explicación da materia, sempre que sexa posible, con soporte visual.

Para facilitar a asimilación da materia, na plataforma EDIXGAL, traballamos con páxinas con actividades interactivas.

Favorecer unha aprendizaxe significativa e vivencial (a través de materiais elaborados por el ou traballos de investigación).

Proporcionar a materia traballada en formas de esquema.

Proporcionarlle a máxima atención individualizada posible e animalo a preguntar cando teña algunha dúbida.

Sempre que o pide ten explicacións adicionais.

Os primeiros minutos de cada clase dedicámoslos a facer un repaso oral da materia traballada en sesións anteriores.

Poténciase a parte oral (repaso da materia e resolución de actividades) e visual (utilización da pantalla dixital e carteis explicativos)

Comprobar sempre que entendeu os exercicios.

Parte dos exercicios resólvense de forma oral.

Dáselle máis tempo, se o necesita, para realizar as tarefas.

Non copiará os enunciados (indica páxina e número do exercicio)

As probas escritas dosificadas, con letra OPENDISLEXIC, ou Verdana, tamaño 14, ou 16 de ser o caso, con fotos a cor e en folios de cores vai ser o habitual.

Traballo en equipos heteroxéneos, con actividades diversas e nas que todas poidan aportar.

Ao alumno coa adaptación curricular seguirase o indicado na mesma. Estará situado no equipo máis cercano á ubicación do mestre e cos compañeiros que aporten significativamente ao seu progreso.

Neste curso hai unha nena que presenta unha NEAE e necesitará unha adaptación curricular.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento			X			
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres		X		X	X	X
ET.7 - Educación para a paz e resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para o consumo responsable		X	X			
ET.9 - Desenvolvemento sustentable		X	X			
ET.10 - Educación emocional e en valores				X	X	X
ET.11 - Pluralidade e respecto polo estado de dereito				X	X	X

### Observacións:

O traballo dos elementos transversais está implícito na labor docente, xa que debemos transmitir unha serie de valores e actitudes ao noso alumnado, tal como reflicte a lexislación vixente.

Os elementos transversais non pertencen exclusivamente a unha área en concreto, senón que deben ser abordados ao longo de todas elas.

As CCSS serán un espazo ideal para que de xeito globalizado se traballen todos estes contidos mesturados cos propios da área.

Certos elementos transversais, como a expresión oral e escrita ou a resolución pacífica de conflitos estarán presentes ao longo de todas as unidades didácticas. Por outra banda, contidos como o desenvolvemento sustentable, serán abordados en unidades didácticas en concreto.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas culturais	Visitas museos, exposiciónes...		X	
Saídas á contorna	Nas que coñeceremos o funcionamento da nosa contorna	X		X
Charlas formativas	Con profesionais de diferentes ámbitos		X	
Conmemoracións	Relacionadas co calendario escolar como o día da Constitución ou os dereitos a infancia.	X	X	X

### Observacións:

As actividades complementarias plantexadas buscan proporcionar ao alumnado unhas aprendizaxes vivenciadas, empregando recursos non tan habituais.

Resulta fundamental a planificación deste tipo de actividades para consolidar os contidos traballados ao longo do curso. Como norma xeral, faranse tres saídas, como mínimo, ao longo do curso, unha en cada trimestre. Faranse en consenso despois de acordo no terceiro ciclo.

O feito de realizar actividades fora do entorno habitual de aprendizaxe ou mesmo con outras persoas implicadas, resulta moi motivante para o alumnado e serve de catalizador para a consolidación destas aprendizaxes.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Préstase atención aos elementos transversais plantexados.
Metodoloxía empregada
Ofréceselle ao alumnado as explicacións individuais que precisa.
Infórmase ao alumnado dos erros cometidos nas actividades ou probas.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Aproveitáronse os recursos dos que dispón o centro.

Medidas de atención á diversidade
Conseguíuse motivar ao alumnado.
Elabóranse diferentes actividades segundo o nivel de desenvolvemento do alumnado.
Adáptanse as probas aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe.
Infórmase ao alumnado dos resultados obtidos nas diferentes probas.
Tomáronse medidas para atender aos ACNEAE.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Cal é o grao de coordinación docente.
Mantívose o contacto coas familias, implicándoas no proceso.

### Descrición:

Cando falamos de avaliación, o primeiro que se nos ven á cabeza é a avaliación do alumnado, mais non adoitamos ter en consideración a propia práctica docente. O propio Decreto que establece o currículo, no seu artigo 21 de avaliación e promoción, e a orde de 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación, recollen a necesidade de establecer indicadores de logro para avaliar os procesos de ensino e a súa propia práctica docente nas programacións didácticas.

Distinguiremos dous momentos para levar a cabo dita avaliación: durante a UD e ao remate da mesma. Estes dous momentos, teñen a finalidade de obter a información precisa para mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Toda a programación está suxeita a ser revisada con continuidade có obxectivo de adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe aos diferentes ritmos, intereses e necesidades do alumnado.

Durante o desenvolvemento das diferentes Unidades Didácticas e ao remate das mesmas, levarase a cabo unha avaliación obxectiva coa finalidade de mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.

Ao remate de cada trimestre, valoráranse os resultados académicos obtidos polo alumnado, a información recollida a través dos indicadores de logro do epígrafe anterior e os datos aportados polo equipo de ciclo nas sesións de avaliación, có gallo de formular propostas de mellora en todos os aspectos da programación (proceso de aprendizaxe, proceso de ensino e a propia práctica docente).

Tamén, levaremos un seguimento do desenvolvemento da programación a través da aplicación Proens (modificación de número de sesións, modificación de UD...).

## 9. Outros apartados